



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)


Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

ÓRGANO COLEXIADO		PLENO
TIPO DE SESIÓN		ORDINARIA
LUGAR		SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO
DATA		25.10.2019
HORA INICIO		14:00 H.
HORA FINALIZACIÓN		15:06 H.
ASISTENTES		
	CONCELLEIROS ELECTOS	DNI
PP	Dña. Maria Jesús Novo Gómez	44814623C
	Dña. Patricia Taboada García.	47374521H
	D. Manuel José Nieto Sesar.	79332926S
	D. Jesús José Fernández García.	45908046T
	Dña. Fátima Espiño Lojo.	49206076Z
	D. Javier Costoya Souto.	79329690E
PSOE	Dña. Sandra Sánchez Iñiguez	79336069F
	D. Iván Varela Sandá.	44847105A
	D. José Antonio Somoza Enjamio.	22746836C
BNG	D. José Luís Rivas Cruz (Incorpórase as 14.15)	33804443D
	-----	-----
AUSENTES		
BNG	Dña. Ana María Aguión Sandá.	78793953R
SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández		
ORDE DO DÍA:		
1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR. 2.- RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. 3.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO. 4.- APROBACIÓN REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO. 5.- DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2019. 6.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETO DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA. 7.- ROGOS E PREGUNTAS.		



No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnen-se, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da LO 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 37 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

A Alcaldía - Presidencia apertura pregunta se alguén ten algunha observación respecto da acta obxecto de aprobación de data 25.06.2019.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, aproba por unanimidade dos presentes a acta de data 25.06.2019.

- o **A FAVOR:** D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D^a Fátima Espiño Lojo; D. Javier Costoya Souto; Dna. Sandra Sanchez Iñiguez; D. Iván Varela Sandá e D. José Antonio Somoza Enjamio; (9)
- o **ABSTENCIÓN:** (0)
- o **EN CONTRA:** (0)

2. RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO - PLENO

ASUNTO: RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

Tendo en conta os seguintes antecedentes administrativos:

Primeiro.- Que con data 17 de agosto de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.


Segundo.- Que con data 20 de novembro de 2018 o Concello presentou a solicitude de adhesión ao Convenio, regulada na súa cláusula terceira.

Terceiro.- Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración a aceptación da adhesión, proponendo á mesma á persoa titular da Consellería do Medio Rural.

Cuarto.- A Addenda ao Convenio orixinal formalizada en data de 15 de abril de 2019.

Quinto.- A Resolución de 07 de agosto de 2019, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Boimorto.

Sexto.- Que en data de 20 de agosto de 2019 formalizase de forma definitiva a adhesión ao Convenio indicado manifestando de forma definitiva a conformidade ao convenio orixinal e a addenda indicada.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia,

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal.

En consecuencia, tendo en conta que a adhesión ao convenio orixinario foi acordado no seu día polo pleno da corporación, visto que tivo lugar en abril de 2019 unha addenda ao antedito convenio que tamén debe ser ratificada polo citado órgano colexiado, en base a todo o exposto elévese ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a adhesión de forma expresa a todas e cada unha das cláusulas do convenio indicado na parte expositiva da presente proposta e da addenda que se achega a mesma.”

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

A Concelleiro Dna. Sandra Sanchez Iñiguez pregunta se o Concello ten medios para realizar o control das fincas? I mos realizar o control?

A Alcaldía - Presidencia contesta que a obriga xa estaba na lei. O plan é un instrumento, un requisito previo. Todo isto é axuda para o Concello.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR:** D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada Garcia; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D^a Fátima Espiño Lojo e D. Javier Costoya Souto. (6)
- **ABSTENCIÓN:** Dna. Sandra Sanchez Iñiguez; D. Iván Varela Sandá e D. José Antonio Somoza Enjamio; (3)
- **EN CONTRA:** (0)

“ASUNTO: RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE XUNTA DE GALICIA, FEGAMP E SEAGA, EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

Tendo en conta so seguintes antecedentes administrativos:

Primeiro.- Que con data 17 de agosto de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo.- Que con data 20 de novembro de 2018 o Concello presentou a solicitude de adhesión ao Convenio, regulada na súa cláusula terceira.

Terceiro.- Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración a aceptación da adhesión, propoñendo á mesma á persoa titular da Consellería do Medio Rural.

Cuarto.- A Addenda ao Convenio orixinal formalizada en data de 15 de abril de 2019.

Quinto.- A Resolución de 07 de agosto de 2019, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Boimorto.

Sexto.- Que en data de 20 de agosto de 2019 formalizase de forma definitiva a adhesión ao Convenio indicado manifestando de forma definitiva a conformidade ao convenio orixinal e a addenda indicada.

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia,

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal.

En consecuencia, tendo en conta que a adhesión ao convenio orixinario foi acordado no seu día polo pleno da corporación, visto que tivo lugar en abril de 2019 unha addenda ao antedito convenio que tamén debe ser ratificada polo citado órgano colexiado, en base a todo o exposto elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a adhesión de forma expresa a todas e cada unha das cláusulas do convenio indicado na parte expositiva da presente proposta e da addenda que se achega a mesma.”

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz se incorpora a sesión sendo as 14.15 horas.

3. APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO - PLENO

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Tendo en conta os seguintes antecedentes administrativos:

Primeiro.- Que con data 17 de agosto de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Segundo.- *Que con data 20 de novembro de 2018 o Concello presentou a solicitude de adhesión ao Convenio, regulada na súa cláusula terceira.*

Terceiro.- *Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración a aceptación da adhesión, propoñendo á mesma á persoa titular da Consellería do Medio Rural.*

Cuarto.- *A Addenda ao Convenio orixinal formalizada en data de 15 de abril de 2019.*

Quinto.- *A Resolución de 07 de agosto de 2019, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Boimorto.*

Sexto.- *Que en data de 20 de agosto de 2019 formalizase de forma definitiva a adhesión ao Convenio indicado manifestando de forma definitiva a conformidade ao convenio orixinal e a addenda indicada.*

Sétimo.- *Que con rexistro de entrada no Concello de Boimorto en data de 17 de outubro de 2019 e número 2123 remítese por parte da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en aplicación do antedito Convenio, un plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Boimorto.*

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia,

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas polo Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

En consecuencia, visto que é un documento obrigatorio en todos os Concellos e en base a todo o exposto elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o “Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios do Concello de Boimorto” que se achega ao presente acordo como anexo.*

SEGUNDO.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, procédase a información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de 20 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello. Durante o citado prazo a documentación do Plan poderá ser examinada nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Boimorto.*

TERCEIRO.- *Solicitar, respecto do presente plan, informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal da Xunta de Galicia.*



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CUARTO.- *Unha vez, cumpridos os anteditos trámites preceptivos, elevarase de novo ao Pleno municipal aos efectos da súa aprobación definitiva."*

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR:** D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada Garcia; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D^a Fátima Espiño Lojo e D. *Javier Costoya Souto*. (6)
- **ABSTENCIÓN:** Dña. Sandra Sánchez Iñiguez; D. Iván Varela Sandá e D. José Antonio Somoza Enjamio; D. José Luís Rivas Cruz. (4)
- **EN CONTRA:** (0)

"ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Tendo en conta so seguintes antecedentes administrativos:

Primeiro.- *Que con data 17 de agosto de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.*

Segundo.- *Que con data 20 de novembro de 2018 o Concello presentou a solicitude de adhesión ao Convenio, regulada na súa cláusula terceira.*

Terceiro.- *Que a Comisión de Seguimento acordou, tras a súa valoración a aceptación da adhesión, proponendo á mesma á persoa titular da Consellería do Medio Rural.*

Cuarto.- *A Addenda ao Convenio orixinal formalizada en data de 15 de abril de 2019.*

Quinto.- *A Resolución de 07 de agosto de 2019, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acepta a adhesión do Concello de Boimorto.*

Sexto.- *Que en data de 20 de agosto de 2019 formalizase de forma definitiva a adhesión ao Convenio indicado manifestando de forma definitiva a conformidade ao convenio orixinal e a addenda indicada.*

Sétimo.- *Que con rexistro de entrada no Concello de Boimorto en data de 17 de outubro de 2019 e número 2123 remítese por parte da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en aplicación do antedito Convenio, un plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Boimorto.*

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia,

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

En consecuencia, visto que é un documento obrigatorio en todos os Concellos e en base a todo o exposto elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o “Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios do Concello de Boimorto” que se achega ao presente acordo como anexo.*

SEGUNDO.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, procédase a información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de 20 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello. Durante o citado prazo a documentación do Plan poderá ser examinada nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Boimorto.*

TERCEIRO.- *Solicitar, respecto do presente plan, informe preceptivo e vinculante da dirección xeral competente en materia forestal da Xunta de Galicia.*

CUARTO.- *Unha vez, cumpridos os anteditos trámites preceptivos, elevarase de novo ao Pleno municipal aos efectos da súa aprobación definitiva.”*

4. APROBACIÓN REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía - Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO - PLENO

ASUNTO: APROBACIÓN REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO


Tendo en conta os seguintes antecedentes administrativos:

Proposta xustificativa de Alcaldía de aprobación do novo Regulamento de réxime interior do punto de atención á infancia do Concello de Boimorto asinada en outubro de 2019.

O informe de Secretaría de outubro de 2019.

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Decreto 329/2005, do 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Decreto 330/2009 de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación infantil.

En consecuencia, visto que é preciso a actualización do regulamento do servizo do PAI, froito das consultas realizadas na Xunta de Galicia e en base a todo o exposto elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o “Regulamento de réxime interior do Punto de Atención a Infancia do Concello de Boimorto” que se achega ao presente acordo como anexo.*

SEGUNDO.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade ao disposto no artigo 49 b) da Lei 7/1985, de bases do réxime local, procédase a información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de 30 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.*

TERCEIRO.- *No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno da Corporación, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do regulamento no Boletín Oficial da Provincia.*

CUARTO.- *No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido a publicación indicada.*

QUINTO.- *Derogar o anterior Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Boimorto.”*

A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR:** D. Maria Jesús Novo Gómez; D^a Patricia Taboada Garcia; D. Manuel José Nieto Sesar; D. Jesús José Fernández García; D^a Fátima Espiño Lojo; D. Javier Costoya Souto; D. Iván Varela Sandá e D. José Antonio Somoza Enjamio; D. Jose Luis Rivas Cruz e D^a. Ana María Aguión Sandá. (10)

ABSTENCIÓN: (0)

- **EN CONTRA:** (0)

“ASUNTO: APROBACIÓN REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO

Tendo en conta os seguintes antecedentes administrativos:

Proposta xustificativa de Alcaldía de aprobación do novo Regulamento de réxime interior do punto de atención á infancia do Concello de Boimorto asinada en outubro de 2019.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O informe de Secretaría de outubro de 2019.

Considerando a normativa do réxime local e especialmente a seguinte normativa sectorial de aplicación:

Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de programas e dos centros de servizos sociais, artigo 7 b) do referido decreto que establece como un dos requisitos funcionais o dispor dunhas normas de funcionamento.

Decreto 329/2005, do 28 de xullo polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Decreto 330/2009 de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación infantil.

En consecuencia, visto que é preciso a actualización do regulamento do servizo do PAI, froito das consultas realizadas na Xunta de Galicia e en base a todo o exposto elévase ao Pleno do Concello de Boimorto a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o “Regulamento de réxime interior do Punto de Atención a Infancia do Concello de Boimorto” que se achega ao presente acordo como anexo.*

SEGUNDO.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade ao disposto no artigo 49 b) da Lei 7/1985, de bases do réxime local, procedáse a información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de 30 días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.*

TERCEIRO.- *No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno da Corporación, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do regulamento no Boletín Oficial da Provincia.*

CUARTO.- *No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido a publicación indicada.*

QUINTO.- *Derogar o anterior Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Boimorto.”*

5. DACIÓN DE CONTA PERÍODO MEDIO DE PAGO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2019.

Pola secretaria dáse conta do PMP tal como segue:

- Ratio de operacións pagadas: 13,25 días.
- Importe de operacións pagadas: 345.747,22 €uros.
- Ratio operacións pendentes de pago: 3,00 días.
- Importe de operacións pendentes de pago: 59.418,64 €uros
- Período medio de pago da entidade: 11,75 días.

Os membros do Pleno danse por enterados.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

6. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.

A Alcaldesa - Presidenta da conta dos decretos emitidos pola Alcaldía dende a número 425/2019 á 465/2019, que foron remitidos a tódolos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

O Pleno dáse por enterado.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra D. Jose Luis Rivas Cruz e formula as seguintes preguntas que obtiveron as seguintes respostas por parte da Alcaldía:

P: Que porcentaxe de faixas de protección se xestionaron este ano? Hai algún expediente aberto? Que gasto extraordinario supón a xestión destas faixas?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que nestes momentos non dispón dos datos, que chegado o momento respecto dos expedientes tramitados xa che proporcionaremos datos.

P: A reforma do PXOM que motivación ten? O trámite esta suspendido?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que o PXOM esta desfasado, hai que realizar certas actualizacións. Nestes momentos estamos estudando o asunto, realizando unha consulta. Pretendemos que os veciños de Boimorto aproveiten o máximo o medio rural. Estamos mirando unha proposta de modificación viable posto que unha modificación do PXOM implica moitos trámites de maior calado que unha mera consulta. Estamos simplemente nunha fase de consulta previa.

D. Jose Luis Rivas Cruz indica que quere consultar a documentación da que se dispoña deste expediente de consulta previa sobre a citada modificación do PXOM. Hai certa alerta social, existen veciños preocupados. Coido que é bo facer un mapa de capacidade productiva de terras, unha vez feito hai que extraer conclusións e miralo ben... os aproveitamentos da auga, explotacións en intensivo... Se se trata dun cambio de uso a residencial eu penso que hai que potenciar a rehabilitación, esta é a vía a seguir non construír casas novas.

A Alcaldesa recalca de novo que é un estudo sen máis e non é unha modificación de ese tipo.

P: Os Servizo exterior de Podoloxía non son suficientes? Eu entendo que hai que amplialos.

R: A Alcaldesa da contestación indicando que agora temos unha nova Directora na Miniresidencia, volve a titular da praza que ata fai ben pouco estivo de baixa... é un tema que imos estudar, é unha opción que se baralla.

Toma a palabra Dña. Sandra Sánchez Íñiguez e formula as seguintes preguntas que obtiveron as seguintes respostas por parte da Alcaldía:

P: Un camión en Boimil estivo ocupando a senda peonil nos últimos días?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que é unha obra que se está facendo pola Deputación de A Coruña, contactouse coa empresa contratista para que non o volva a facer.

P: Que orzamento ten a Xunta de Galicia para o Concello de Boimorto de cara o exercicio 2020?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que non dispón dos datos a data de hoxe.

P: Estamos no Plan da Xunta de Galicia de Mellora de Camiños?



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

R: A Alcaldesa da contestación indicando que non.

P: Hai Concellerías na Corporación?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que neste mandato non hai.

P: Na parroquia de Corneda hai un castaño que impide o paso de tractores?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que xa ten constancia do feito, xa se falou co propietario.

P: Vaise realizar melloras no acceso a igrexa de Domeá?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que vaise solucionar mediante aglomerado, non se pode facer outra cousa. Mirouse cos técnicos.

P: Vaise solucionar os problemas de potencia eléctrica que teñen as explotacións gandadeiras?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que falouse coas eléctricas para intentar buscar unha solución.

P: As cunetas da pista de Estevo Sueiro, hai que asfaltar?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que vaise buscar solución.

P: Na parroquia de Horros arreglouse a marquesina?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que si, pagouna o concello.

P: Na Peroxa, nas Corredoiras... hai problemas de entrada e saída... os coches aparcan onde non deben, ten constancia?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que non nos consta. Temos que miralo.

P: Estase aboando os desprazamentos as traballadoras do servizo de Axuda no Fogar?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que algunhas si, outras non.

P: Vaise incorporar persoal no Concello en oficinas xerais... están colapsadas?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que fíxose moito traballo... cada vez somos máis áxiles. Implantouse de forma correcta o tema da administración electrónica no concello. De todos os xeitos, efectivamente, é posible que precisemos incorporar algún efectivo.

P: Arranxastes as goteiras do pavillón?


R: A Alcaldesa da contestación indicando que as goteiras están localizadas, vaise actuar proximamente nelas.

P: Ides aprobar un plan turístico para o Concello de Boimorto?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que retomaremos o asunto en xaneiro cos novos orzamentos.

P: A nivel deportivo, propostas para a tempada 2019-2020? Os rapaces precisan de equipaxes...

R: A Alcaldesa da contestación indicando que xa os teñen dispoñibles ou vanos ter dentro de pouco. Estanse programando numerosas actividades.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

P: As farolas do parque non funcionan?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que arranxáronse moitas. Vaise dar unha mao de pintura. Hai que ter en conta a contaminación lumínica, a idea e ir substituíndo progresivamente a LED.

P: Na parroquia de Arceo, os veciños solicitan que se fagan badéns.

R: A Alcaldesa da contestación indicando que coméntallo ao Presidente da Deputación de A Coruña. Esta cuestión entre outras xa lle demos traslado. Solicitamos tamén unha furgoneta para a Residencia e díxonos que non.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz indica que: Podemos facer un acordo de Pleno e remitirillo a Deputación de A Coruña.

Toma a palabra de novo D. José Luís Rivas Cruz e formula as seguintes preguntas que obtiveron as seguintes respostas por parte da Alcaldía:

P: Tamén hai que mirar a ampliación do cemiterio de Dorneá.

R: A Alcaldesa da contestación indicando que hai que estudar o caso, facer unha permuta ou algo.



P: A Depuradora da parroquia de Brates, ten problemas?

R: A Alcaldesa da contestación indicando que as mostras dan perfectas. Pódese mirar. As melloras que fixemos melloraron a situación.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz indica que: O saneamento hai que miralo ben... hai pouca xente e trátase dun gasto brutal. Hai que buscar alternativas. O tema da auga é un asunto complicado, é unha cuestión moi seria.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, sendo as 15:32 horas, do día 31 de xullo de 2019, da que se estende a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Boimorto, 25 de outubro de 2019.

 <p>A alcaldesa,</p> <p>Asdo.- María Jesús Novo Gómez</p>	 <p>O Secretario, CONCELLO DE BOIMORTO O Secretario,</p> <p>Asdo.- Jorge Boado Fernández</p>
--	---

Asdo.: Jorge Boado Fernández
Núm. 44811721/35/A/3015